



Concepción López, Mario César Vila, Fernando Serrulla e Ana Mosquera.

Achan os restos de Marcelino Fernández e Abelardo Suárez

Identificados os sete asturianos fusilados na fosa de Celanova

Redacción | Nós Diario

A exhumación da fosa común do cemiterio de Celanova a finais de 2022 permitiu localizar os restos de "sete milicianos asturianos fusilados o 22 de setembro de 1939 por un pelotón da Bandeira da Falanxe de Marrocos", segundo figuraba xa na documentación achegada polo Comité de Memoria Histórica da comarca de Celanova cando no mes de febreiro se iniciaron os trámites para a súa escavación.

Onte, o equipo de historiadores, arqueólogos, forenses e xenetistas que se encargou dessa intervención, no marco do Plan de memoria democrática 2022, deu a coñecer os resultados das súas investigacións.

Concepción López, historiadora do Grupo Histagra da USC e responsable da documentación da fosa; Fernando Serrulla, antropólogo forense do Imelga (Instituto de Medicina Legal da Galiza); Mario César Vila, arqueólogo, responsable de Tempos Arqueólogos, empresa que executou a escavación; e Ana Mosquera, investigadora do Laboratorio de Xenética do Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro da USC, en representación do equipo multidisciplinar que se encargou da intervención na

fosa, confirmaron que os restos de dous dos individuos atopados na fosa de Celanova corresponden a Marcelino Fernández García e a Abelardo Suárez del Busto, dous mozos asturianos, de 21 e 29 anos, mecánico e albanel, respectivamente, fusilados no outono do 39 por unha unidade militar falanxista.

Investigación histórica

As mostras de ADN contrastadas coas dunha filla, Josefa, no caso de Marcelino, e coas dunha neta, Graciela, no caso de Abelardo, obteñen unha compatibilidade de 99,9%, o que confirma os resultados da análise forense e a hipótese da investigación histórica. Ademais desta, unha das fontes principais que axudou o equipo investigador a localizar os restos das sete persoas que buscaban no cemiterio de Celanova foron as causas militares que lles incarionaron. "As diligencias de enterramento e de execución da sentenza a pena de morte foron as que nos permitiron identificar o lugar onde foron asasinados e enterrados".

A investigación histórica levada a cabo polo grupo Histagra da Universidade de Santiago partiu da demanda das familias de Marcelino Fernández e Abelardo Suárez, ambos veciños de Xixón,

fuxidos ante a imminente toma por parte dos sublevados cara a finais de outubro de 1939.

As fontes xurídico-militares permitiron atopar que foran xulgados en varias ocasións en Camposancos (A Guarda) e, posteriormente trasladados, xunto con outros cinco individuos –tamén de Xixón–, á prisión de Celanova.

Os sete foron condenados a pena de morte e, tras pasar máis de seis meses recluídos na vila, as autoridades militares ordenaron a execución, que tivo lugar na que hoxe se coñece como a parte vella do cemiterio de San Breixo, que o Comité de Memoria Histórica de Celanova xa solicitou declarar 'Lugar de Memoria', de acordo co establecido na vixente Lei de Memoria Democrática.

Entrega ás familias

Nas próximas semanas terá lugar a cerimonia de entrega dos restos ás familias. Mentre, o grupo de traballo en colaboración co Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova seguirá na procura das familias dos outros cinco mozos que foron fusilados canda Marcelino e Abelardo aquela mañá de 1939: Baldomero Vigil Vallejo, Guillermo de Diego Álvarez, Alfonso Moreno Gayol, Belarmino Álvarez García e Mariano Blanco González.

Necesidades emocionais do alumnado

Reclaman a presenza de psicólogas educativas nos centros de ensino

Redacción | Nós Diario

O Colexio Oficial de Psicoloxía da Galiza organiza mañá a xornada "Psicoloxía na escola xa", unha cita coa que busca reivindicar "a imperiosa necesidade de que se incorpore a figura da psicóloga ou psicólogo educativo a todos os centros de ensino".

A iniciativa parte dunha evidencia, as necesidades "complexas" que atravesa o alumnado de hoxe en día a nivel emocional nos centros educativos. Segundo apunta a entidade organizadora nun comunicado, "a sociedade ten que saber o que se vive día a día nas aulas e os poucos recursos humanos cos que se contan", polo que defende a incorporación inmediata da figura do psicólogo ou psicóloga educativa dentro dos equipos dos centros de ensino de primaria e secundaria.

A xornada contará coa intervención de profesionais como José Antonio Luengo, experto en

Psicoloxía Educativa e decano do Colexio de Psicoloxía de Madrid, que falará sobre "Infancia, adolescencia e saúde mental. O papel dos centros educativos" e con Antonio Rial Boubeta, profesor da USC responsable de numerosos estudos sobre a mocidade, que intervirá cunha conferencia titulada "Detección e intervención precoz dos problemas de adicción, saúde mental e convivencia no eido educativo".

A xornada concluirá cunha mesa redonda: "Respostas ás necesidades psicológicas da comunidade educativa", á que se incorporarán Hélio Puent Carracedo, doutor en Psicoloxía Educativa; Olegaria Mosqueda Bueno, psicóloga educativa e experta en Orientación e Apoyo Psicoeducativo, e Marisol Louro Lestón, directora do IES Plurilingüe de Ames.

O evento terá lugar ás 17 horas no Centro Obra Social Abanca, en Compostela, con entrada libre.

Responde á queixa dunha espectadora galega TVE defende o uso de 'La Toxa' fronte ao topónimo oficial A Toxa

Redacción | Nós Diario

A defensora da audiencia da canle pública asegura que nos informativos estatais deben empregar sempre os topónimos deturpados, en castelán, ignorando a lexislación autonómica e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo ao respecto.

En resposta a unha cidadá galega que protestou polo uso do topónimo deturpado da Toxa nun programa de TVE, defendeu que segundo os servizos xurídicos da corporación pública, o nome da Toxa non aparece no rexistro de entidades locais, pretendendo facer pasar a illa arousá por un concello e obviando que, áinda que así fose, o artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística (LNL) continúa en vigor, afirma A Mesa pola Normalización Lingüística nun comunicado.

A entidade de defensa da lingua vén de se dirixir á defensora da audiencia para informala a ela



Protesta na Toxa en 2022.

e aos servizos xurídicos sobre a lexislación aprobada hai case 40 anos e da xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Supremo, que afirma a plena validez do artigo 10 do artigo da LNL que sinala que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega". Para Marcos Maceira, presidente da Mesa, "o uso interesado e errado" do topónimo deturpado é resultado máis da "ignorancia de todo canto ten que ver con Galiza".